



Segunda Convocatoria

Exame de Acceso á Avogacía 2023

*CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O
EXERCICIO DA PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2023*

**MODELO DE RESPUESTAS DEFINITIVA DA SEGUNDA PROBA DE ACCESO Á AVOGACÍA PARA O
ANO 2023**

MODALIDADE EN LIÑA

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, e salienta en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO/A

1 – Segundo o disposto no artigo 48 do Estatuto xeral da avogacía, o profesional da avogacía debe facilitar ao cliente:

- a) Unicamente o seu nome, número de identificación fiscal, domicilio profesional e medio para poñerse en comunicación con el ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.
- b) O seu nome, número de identificación fiscal, colexio ao que pertence e número de colexiado, domicilio profesional, domicilio particular e medio para poñerse en comunicación con el ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.
- c) O seu nome, número de identificación fiscal, colexio ao que pertence e número de colexiado, domicilio profesional e medio para poñerse en comunicación con el ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.
- d) O seu nome, número de identificación fiscal, colexio ao que pertence e número de colexiado, Universidade na que cursou os seus estudos, domicilio profesional e medio para poñerse en comunicación con el ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.

2 – De conformidade co disposto no artigo 59 do Estatuto xeral da avogacía, os profesionais da avogacía están obrigados nas relacións con outros compañeiros a:

- a) Absterse de pedir a declaración testemuñal do profesional da avogacía da parte contraria ou doutros profesionais da avogacía que tivesen algunha implicación profesional no asunto.
- b) Comunicar ao colexio a intención de interpoñer, en nome propio ou do cliente, unha acción de responsabilidade contra outro profesional da avogacía unicamente cando teña carácter penal.
- c) Comunicar o cesamento ou interrupción das negociacións extraxudiciais antes ou despois de presentar reclamación xudicial ou, de ser o caso, de solicitar a execución dunha resolución.
- d) Atribuírse facultades distintas das conferidas polo cliente, sempre que sexa en interese deste.

3 – Son principios reitores e valores superiores específicos do exercicio da avogacía:

- a) Exclusivamente, a autonomía, igualdade, xustiza, liberdade, dignidade e integridade, así como o respecto do segredo profesional.
- b) A independencia, liberdade, dignidade e integridade, así como o respecto do segredo profesional.
- c) Os mesmos que os previstos para o Ministerio Fiscal, agás o de legalidade e imparcialidade.
- d) Unicamente, a independencia, liberdade, dignidade, imparcialidade e o respecto do segredo profesional.

4 – Por cal das seguintes causas non pode o profesional da avogacía solicitar a suspensión do curso do procedemento?

- a) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun parente dentro do terceiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, da persoa á que estivese unido por análoga relación de afectividade á do matrimonio.
- c) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave do seu cónxuxe.
- d) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun parente dentro do segundo grao de consanguinidade.

5 – Durante que prazo se producirá a suspensión do curso do procedemento, nos casos nos que esta fose solicitada por un profesional da avogacía debido ao falecemento do seu avó materno?

- a) Tres días naturais contados desde o día seguinte ao feito causante, prazo que poderá ser de ata cinco días naturais cando para ese efecto sexa preciso un desprazamento a outra localidade.
- b) Tres días hábiles contados desde o día seguinte ao feito causante, prazo que poderá ser de ata cinco días hábiles cando para ese efecto sexa preciso un desprazamento a outra localidade.
- c) Dous días naturais contados desde o día seguinte ao feito causante, prazo que poderá ser de ata catro días naturais cando para ese efecto sexa preciso un desprazamento a outra localidade.
- d) **Dous días hábiles contados desde o día seguinte ao feito causante, prazo que poderá ser de ata catro días hábiles cando para ese efecto sexa preciso un desprazamento a outra localidade.**

6 – En cal dos seguintes supostos teñen dereito os profesionais da avogacía a solicitar a posible interrupción dos prazos e demora dos termos?

- a) En ningún, pois os prazos procesuais son improrrogables en todo caso.
- b) **En caso de falecemento dun irmán dun só vínculo.**
- c) En caso de falecemento dun tío.
- d) En ningún, pois os prazos procesuais son improrrogables, sen prexuízo de solicitar a suspensión do curso do procedemento nos casos legalmente previstos.

7 – Os colexios da avogacía son:

- a) **Corporacións de dereito público.**
- b) Consorcios.
- c) Corporacións de dereito privado.
- d) Autoridades administrativas independentes.

8 – Como lle afecta ao ámbito territorial dun colexio da avogacía o feito de que as demarcacións xudiciais existentes no seu territorio de actuación sexan obxecto de modificación?

- a) Dependerá do que se prevese na lei que modifique a demarcación e planta xudicial.
- b) Implicará necesariamente unha limitación do seu ámbito territorial.
- c) **De ningún xeito, pois a modificación das demarcacións xudiciais non afectará ao ámbito territorial do colexio da avogacía, que terá competencia nas novas demarcacións que poidan crearse.**
- d) Obrigará ao colexio da avogacía a crear unha sección especializada para atender as necesidades de servizo que a demarcación xudicial resultante da modificación poida ter durante un período de tres anos.

9 – En defecto doutra regulación específica, cal das seguintes opcións non constitúe causa de cesamento para os membros da Xunta de Goberno dos colexios da avogacía segundo o disposto no Estatuto xeral da avogacía?

- a) Renuncia.
- b) **Perda dunha cuestión de confianza, segundo o regulado no Estatuto xeral da avogacía.**
- c) Falecemento.
- d) Falta de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no termo dun ano, logo de acordo da propia Xunta.

10 – Irune, avogada en exercicio, recibe unha oferta de traballo no departamento legal dunha gran empresa. Na entrevista coa área de recursos humanos comunícanlle que unicamente poden ofrecerlle unha relación laboral de carácter especial dado que esta é a única forma na que se poden contratar servizos por conta allea de profesionais da avogacía. É correcta a afirmación da área de recursos humanos?

- a) Si, pois a avogacía unicamente pode exercerse en réxime de relación laboral especial ou por conta propia.
- b) Non, pois a obriga de constituír relación especial de traballo só rexe en casos en que o servizo pactado é en exclusividade, pero non no resto dos casos.
- c) Non, pois é posible prestar servizo como profesional da avogacía en empresas en réxime de relación laboral común.**
- d) Si, ao estar contemplado expresamente no Estatuto dos traballadores.

11 – Poden os profesionais da avogacía asociarse en réxime de colaboración multiprofesional?

- a) Si, con outros profesionais liberais non incompatibles, sempre que constitúan para iso sociedade mercantil.
- b) Si, con outros profesionais liberais ou non liberais non incompatibles utilizando calquera forma lícita en dereito.
- c) Si, con outros profesionais liberais non incompatibles utilizando calquera forma lícita en dereito.**
- d) Si, con outros profesionais liberais ou non liberais non incompatibles, sempre que constitúan para iso sociedade mercantil.

12 – Teresa, avogada por conta propia como titular dun despacho, ponse en contacto cun antigo compañeiro de facultade, que tamén é avogado, para que colabore con ela no seu despacho. Como deberá formalizarse esta colaboración?

- a) En forma verbal ou escrita, fixándose as condicións, duración, alcance e réxime económico da colaboración.
- b) En forma escrita, fixándose as condicións, duración, alcance e réxime económico da colaboración.**
- c) En forma verbal ou escrita, fixándose, exclusivamente, a duración e o réxime económico da colaboración.
- d) En forma escrita, fixándose, exclusivamente, a duración e o réxime económico da colaboración.

13 – Ana, Javier e Carlos colexiáronse como avogados e crearon un despacho colectivo mediante unha sociedade profesional. Con ocasión da levanza dun preito a un cliente da sociedade profesional, Carlos cometeu unha infracción deontolóxica que foi encuberta por Ana e Javier. Pode a sociedade profesional ser sancionada?

- a) Non, as sociedades profesionais non poden ser sancionadas en ningún caso.
- b) Só pode ser sancionado o profesional da avogacía que administre a sociedade.
- c) Si, as sociedades profesionais poderán ser sancionadas polas infraccións cometidas polos seus integrantes cando resulte acreditada a súa responsabilidade concorrente, como partícipes ou encubridores, na comisión das ditas infraccións.**
- d) Non, pois conforme ao novo Estatuto xeral da avogacía, unicamente poden ser sancionadas as sociedades profesionais, sen que exista responsabilidade persoal do profesional da avogacía integrado nun despacho colectivo.

14 – Como deberá resolverse o empate nas eleccións entre dúas candidaturas a decano dun colexio da avogacía?

- a) Entenderase elixido o de maior tempo de exercicio no propio colexio; e se aínda se mantivese o empate, o de maior idade.
- b) Entenderase elixido o que máis votos obtivese de entre os exercentes; de persistir este, repetirase a votación e así sucesivamente ata obter a maioría dos votos.
- c) Repetirase a votación e en caso de persistir o empate, será elixido o de maior tempo de exercicio no propio colexio.
- d) Entenderase elixido o que máis votos obtivese de entre os exercentes; de persistir este, o de maior tempo de exercicio no propio colexio; e se aínda se mantivese o empate, o de maior idade.

15 – Cales son os órganos reitores do Consello Xeral da Avogacía?

- a) O Pleno, a Deputación Permanente, a Comisión ética e o presidente.
- b) O Pleno, a Xunta de Goberno e o presidente.
- c) O Pleno, a Comisión Permanente e o presidente.
- d) A Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e o presidente.

16 – Constitúen recursos económicos dos colexios da avogacía:

- a) O importe das cotas especiais por baixa no colexio da avogacía.
- b) As consignacións específicas que tivesen asignadas nos Orzamentos Xerais do Estado.
- c) As transferencias correntes ou de capital que procedan das Administracións ou entidades públicas.
- d) As multas pecuniarias aboadas en virtude de resolución disciplinaria firme, que se destinarán preferentemente a fins asistenciais.

17 – Tomás, avogado, atópase actualmente incapacitado para o exercicio da avogacía ao ter sido sancionado disciplinariamente polo Colexio da Avogacía de Burgos a tres meses de suspensión do exercicio profesional. Que eficacia territorial ten a sanción imposta a Tomás?

- a) Unicamente no ámbito provincial do colexio da avogacía que a acordase.
- b) En todo o territorio nacional.
- c) Soamente no ámbito local do colexio da avogacía que a acordase.
- d) No ámbito autonómico ou provincial do colexio da avogacía que a acordase, segundo o que estipule o Estatuto de autonomía da comunidade autónoma onde se atope situado o devandito colexio da avogacía.

18 – Cal das seguintes sancións vai aparelada ao feito de que unha sociedade profesional constituída para o exercicio común da avogacía non conte cun seguro en vigor ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade na que poida incorrer no exercicio das súas actividades, cando a obriga de contar co dito réxime de garantía estea así prevista por lei?

- a) Multa pecuniaria por importe de 300 € ata 1.500 €.
- b) Baixa da sociedade no rexistro do colexio correspondente.
- c) Suspensión da súa actividade por un período de ata cinco anos.
- d) Multa pecuniaria por importe de entre 1.501 e 15.000 €.

19 – Lluís, avogado, recibiu unha autorización do seu cliente para poder xestionar os fondos dunha conta bancaria para o pago dos suplidos necesarios para a defensa. Finalizado o asunto, a minuta de Lluís supera o importe restante dos fondos da conta. O cliente considera, á vista do mal resultado do asunto, que non debe nada. Cal das seguintes afirmacións é correcta segundo o Código deontolóxico da avogacía?

- a) Lluís pode negarse a devolver os fondos ata que se resolva a discrepancia sobre os honorarios.
- b) Lluís só pode reter a parte dos fondos que non exceda do importe dos seus honorarios.
- c) Lluís pode, ao ser créditos vencidos, líquidos e esixibles, aplicar o mecanismo legal de compensación de pagos e debe devolver o sobranse.
- d) Lluís non pode reter os fondos, aínda que leve razón en que se lle deban honorarios profesionais.

20 – De cantos conselleiros electivos se compón o Consello Xeral da Avogacía?

- a) Doce conselleiros elixidos polo Pleno do Consello entre profesionais da avogacía de recoñecido prestixio con máis de quince anos de exercicio profesional.
- b) Quince conselleiros elixidos polo Pleno do Consello entre profesionais da avogacía de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio profesional.
- c) Doce conselleiros elixidos polo Pleno do Consello entre profesionais da avogacía de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio profesional.
- d) Quince conselleiros elixidos polo Pleno do Consello entre profesionais da avogacía de recoñecido prestixio con máis de quince anos de exercicio profesional.

21 – Isabel, avogada, percibiu só a metade da provisión de fondos que solicitou ao seu cliente. Tras unha sentenza parcialmente acolledora das pretensións do seu cliente, este pídlle toda a documentación porque quere recorrer contra a sentenza, para encargarllo a outra avogada. Cal das seguintes condutas é deontoloxicamente correcta?

- a) Entregar a documentación a algún compañeiro que lle pida a venia, sen poder facelo antes directamente ao cliente.
- b) Poñer toda a documentación recibida do cliente á súa disposición.
- c) Poñer a documentación unicamente ao dispor do xulgado.
- d) Requirir fidedignamente o pago dos honorarios pendentes, e comunicarlle que lle facilitará a documentación recibida en canto xustifique o pago.

22 – Son atribucións da Xunta de Goberno, agás que estean atribuídas a outro órgano por lei ou polos estatutos do colexio de que se trate:

- a) Emitir consultas e ditames, administrar arbitraxes e ditar laudos arbitrais.
- b) Crear, regular e outorgar distincións para premiar os méritos contraídos ao servizo da avogacía ou no seu exercicio; así como revogalas por causas de indignidade.
- c) Informar preceptivamente todo proxecto de lei ou de disposición de carácter xeral, ou de modificación da regulación existente, calquera que sexa o seu rango, que afecte o exercicio da avogacía ou aos colexios da avogacía.
- d) Contribuír á formación dos profesionais da avogacía e homologar a escola de práctica xurídica.

23 – Gerard, avogado, defende os intereses de varios acredores dun mesmo debedor. Antes de presentar a demanda, Gerard advirte que dous dos seus clientes poden entrar en disputa sobre cal dos seus respectivos créditos pode considerarse preferente respecto do outro. Cal das seguintes condutas é a correcta en termos deontolóxicos?

- a) Renunciar ao asesoramento do último cliente que contratase os seus servizos.
- b) Renunciar ao asesoramento de ambos os clientes.**
- c) Continuar asesorando a ambos e deixar que se dilucide xudicialmente cal dos seus créditos é preferente.
- d) Promover unha previa terzaría de mellor dereito entre ambos os clientes para determinar a preferencia de cobro antes de demandar o debedor.

24 – Íñigo, avogado, foi sancionado polo Colexio da Avogacía de Madrid por unha actuación profesional que levou a cabo o día 23 de decembro de 2021 nas dependencias do Xulgado de Instrución nº 7 de Madrid. O día 10 de xaneiro de 2022 notifícaselle o inicio do procedemento administrativo contra a súa persoa e o día 15 de xaneiro de 2022 dáse de baixa no Colexio da Avogacía de Madrid. Sinala a resposta correcta:

- a) A baixa no colexio extingue calquera tipo de responsabilidade disciplinaria que puidese contraer ata ese momento o colexiado.
- b) A baixa no colexio extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta sen que conclúa o procedemento disciplinario e sen que se acorde sanción ningunha.
- c) A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e acordarase a sanción que corresponda. No suposto en que a sanción non poida facerse efectiva nese momento terase por extinguida a responsabilidade do colexiado sen que a sanción teña que ser cumprida se o sancionado causase novamente alta no colexio.
- d) A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e acordarase a sanción que corresponda. No suposto en que a sanción non poida facerse efectiva, quedará en suspenso para ser cumprida se o sancionado causase novamente alta no colexio.**

25 – Pau quérease colexiar como avogado exercente por conta propia, e sabe que ten que darse de alta na Seguridade Social ou nunha Mutualidade de previsión social. Cal das seguintes normas establece dita obrigaón?

- a) O Estatuto do traballo autónomo e o Estatuto xeral da avogacía española.**
- b) A Lei de colexios profesionais e a Lei da seguridade social.
- c) O artigo 13.2 d) do Estatuto xeral da avogacía e o Código deontolóxico.
- d) A Lei 30/1995, de 8 novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados e o Estatuto dos traballadores.

26 – En relación cos datos sobre procedementos e medidas cautelares e de seguridade conexas a condenas e infraccións penais:

- a) Só poden ser tratados co consentimento explícito das persoas afectadas.
- b) Só poden ser tratados polos xulgados e tribunais competentes.
- c) Poden ser tratados por profesionais da avogacía e da procuradoría co obxecto de recoller a información facilitada polos seus clientes para o exercicio das súas funcións.**
- d) En ningún caso poden ser obxecto de tratamento.

27 – Un despacho de profesionais da avogacía especializado en dereito penal conta con 175 persoas na súa organización e trata datos persoais relativos a condenas e infraccións penais. Cal das seguintes obrigas debe cumprir o despacho en materia de protección de datos?

- a) Ningunha, pois ao ter menos de 250 persoas, non ten obriga de levar un rexistro de actividades de tratamento.
- b) Deberá notificar os seus ficheiros á Axencia Española de Protección de Datos segundo o disposto na Lei orgánica de protección de datos.
- c) Ten que levar un Rexistro de Actividades de Tratamento, pois a súa levanza constitúe unha obriga aplicable a toda empresa con independencia do seu tamaño e especialidade.
- d) Ten que levar un rexistro de actividades de tratamento porque trata datos persoais relativos a condenas e infraccións penais.

28 – A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado cancelárase cando transcorra:

- a) Un ano en caso de sanción de suspensión superior a dez días sen exceder dun ano.
- b) Un ano en caso de multa pecuniaria entre 1.001 e 10.000 €.
- c) Seis meses en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.500 €.
- e) Un ano en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 10.000 €.

29 – Que dispón o Código deontolóxico da avogacía española en materia de cobertura da responsabilidade civil derivada do exercicio da profesión?

- a) Para cubrila, todo profesional da avogacía ten de subscribir obrigatoriamente un seguro de responsabilidade civil cun capital asegurado mínimo de 100.000 €.
- b) Deberase ter cuberta a responsabilidade profesional en contía adecuada aos riscos que implique.
- c) O Código deontolóxico da avogacía española non se pronuncia sobre a cobertura de responsabilidade civil.
- d) Para as sociedades profesionais a contratación dun seguro que cubra a responsabilidade civil é meramente opcional, non sendo obrigatoria a súa contratación no caso de que intenten cubrir a súa responsabilidade civil por outros mecanismos.

30 – A mercantil española TTTRRRXX, SA considera que un acto da Comisión Europea lle ocasionou un prexuízo indemnizable e desexa, xa que logo, interpoñer recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Que denominación recibe este recurso?

- a) Recurso por incumprimento.
- b) Recurso de responsabilidade extracontractual.
- c) Recurso de anulación.
- d) Recurso de legalidade.

31 – De entre as seguintes persoas e institucións, quen non está lexitimado para instar o procedemento de *habeas corpus*?

- a) O Defensor do Pobo.
- b) O Ministerio Fiscal.
- c) O xuíz competente, de oficio.
- d) O primo da persoa privada de liberdade.

32 – Pedro ten o seu domicilio en Plasencia e quere presentar unha demanda contra os seus irmáns Lucía e Juan que viven en Cáceres e Xerez, respectivamente, para dividir o patrimonio hereditario do pai dos tres irmáns, que tivo o seu último domicilio en Salamanca, pero faleceu nun accidente de tráfico en Mérida. Que Tribunal será competente para coñecer do xuízo?

- a) O do lugar do último domicilio do finado.

- b) O do lugar do domicilio da parte demandante.
- c) O do lugar do domicilio de calquera das partes demandadas.
- d) O do lugar do accidente.

33 – Federico, residente en Alcalá de Henares, quere interpoñer unha demanda en materia de dereito ao honor contra Tristán, con domicilio en L'Hospitalet de Llobregat, por unhas expresións que este verteu nun programa de televisión emitido desde un estudio situado na cidade de Sabadell. Que Tribunal será competente para coñecer deste preito?

- a) Os xulgados de primeira instancia de L'Hospitalet de Llobregat.
- b) Os xulgados de primeira instancia de Sabadell.
- c) Os xulgados de primeira instancia de Alcalá de Henares.**
- d) Os xulgados de primeira instancia de Sabadell ou L'Hospitalet de Llobregat, a elección de Federico.

34 – Un grupo de traballadores quere interpoñer unha demanda sobre tutela do seu dereito de liberdade sindical. Este preito terá efectos en varias provincias de Andalucía. Cal é o Tribunal competente para coñecer deste procedemento?

- a) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía.**
- b) O xulgado do social do domicilio do demandado.
- c) A Sala do Social da Audiencia Nacional.
- d) A Sala do Social do Tribunal Supremo.

35 – Cal dos seguintes dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución non é susceptible de amparo constitucional?

- a) A obxección de conciencia.
- b) O dereito á propia imaxe.
- c) A liberdade de cátedra.
- d) O dereito á propiedade privada.**

36 – Xurde foi condenado, en primeira instancia, polo Xulgado do Penal de Oviedo a unha pena privativa de liberdade. Xurde considera que durante o preito se produciron diversas violacións do seu dereito á tutela xudicial efectiva. Pode interpoñer directamente contra a dita sentenza recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?

- a) Si, no prazo de 30 días desde a súa firmeza.
- b) Non, posto que previamente debe esgotar os medios de impugnación previstos polas normas procesuais para o caso concreto dentro da vía xudicial.**
- c) Si, no prazo de 20 días desde a súa firmeza.
- d) Si, pero sempre que a súa defensa formulase protesta cando se produciu a vulneración do dereito constitucional.

37 – Teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta as persoas estranxeiras que se atopen en España no caso en que acrediten insuficiencia de recursos para litigar?

- a) Si, pero só se son nacionais doutro Estado da Unión Europea.
- b) Si, sempre que sexan vítimas de violencia de xénero, terrorismo ou trata de seres humanos.
- c) Si, pero unicamente nos procedementos que poidan levar á denegación da súa entrada en España, á súa devolución ou expulsión do territorio español, e en todos os procedementos en materia de asilo.

d) Si, co alcance fixado na Lei de asistencia xurídica gratuíta e nos tratados e convenios internacionais sobre esta materia nos que España sexa parte.

38 – Aurelio foi designado pola quenda de oficio para asistir e defender os intereses de Cynthia, a cal quere interpoñer unha querela contra Ricardo. Examinado o asunto, Aurelio considera que as pretensións de Cynthia son insostibles. Que poderá facer Aurelio?

a) Terá necesariamente que continuar coa asistencia, posto que na orde penal non cabe escusarse da defensa.

b) Deberá comunicarllo á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, dentro dos 15 días seguintes á súa designación, expoñendo os motivos xurídicos en que fundamenta a súa decisión.

c) Poderá renunciar directamente a interpoñer a querela sen necesidade de realizar ningún tipo de comunicación, ao tratarse dunha pretensión insostible.

d) Deberá comunicarllo á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, dentro dos 20 días seguintes á súa designación, expoñendo os motivos xurídicos en que fundamenta a súa decisión.

39 – Adriana é a curadora, con facultades de representación, da súa avoa Carmela. Pode transixir Adriana sobre cuestións relativas aos intereses de Carmela?

a) Si, sen necesidade de autorización xudicial, pero só no caso no que o preito non se teña iniciado.

b) Si, pero necesitará autorización xudicial, salvo que se trate de asuntos de escasa relevancia económica.

c) Non, nunca, ao tratarse dunha materia excluída da transacción por afectar a unha persoa necesitada de especial protección.

d) Si, pero unicamente no caso no que a súa avoa lle outorgase previamente un poder especial para iso.

40 – Nun proceso penal, a Audiencia Provincial de Madrid ditou sentenza, na cal a xuízo do avogado Marcos se omitiu manifestamente un pronunciamento sobre unha pretensión substanciada no proceso. Indique a resposta correcta.

a) Neste caso, o tribunal poderá aclarar a resolución de oficio dentro dos dous días hábiles seguintes ao da publicación da resolución, ou a pedimento de parte ou do Ministerio Fiscal formulada dentro do mesmo prazo.

b) Neste caso, o tribunal, a solicitude escrita de parte no prazo de cinco días contados desde a notificación da resolución logo do traslado da dita solicitude ás demais partes, para alegacións escritas por outros cinco días, ditará auto polo que resolverá completar a resolución co pronunciamento omitido ou que non procede completala.

c) Neste caso, se o tribunal advertise esta omisión, poderá aclarar a súa resolución en calquera momento.

d) Nun caso como este, non é posible a aclaración da resolución nin de oficio nin a pedimento de parte.

41 – Cal dos seguintes supostos non constitúe unha exención obxectiva de taxas xudiciais?

a) A solicitude de concurso voluntario polo debedor.

b) A interposición de recursos contencioso-administrativos cando se recorra en casos de silencio administrativo negativo ou inactividade da Administración.

c) As accións que, en interese da masa do concurso e logo da autorización do xuíz do mercantil, sexan interpostos polos administradores concursais.

d) Os procedementos de división xudicial de patrimonios, nos supostos en que se formule oposición ou se suscite controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens.

42 – De acordo coa Lei de axuizamento civil, cal dos seguintes gastos non se incluíra nas custas?

- a) A inserción de anuncios ou edictos que de forma obrigada deban publicarse no curso do proceso.
- b) Os dereitos arancelarios que deban aboarse como consecuencia de actuacións necesarias para o desenvolvemento do proceso.
- c) Copias, certificacións, notas, testemuños e documentos análogos que deban solicitarse conforme a lei.
- d) O importe da taxa aboada nos procesos de execución das hipotecas constituídas para a adquisición de vivenda habitual.

43 – Ten o inicio dunha mediación sobre un asunto civil algún efecto sobre os prazos de prescrición da acción civil?

- a) Non, non ten efectos sobre a prescrición en ningún caso. Con todo, a solicitude de inicio da mediación suspenderá a caducidade de accións desde a data en que conste a recepción da dita solicitude polo mediador.
- b) Si. A solicitude suspenderá a prescrición da acción, aínda que se no prazo de quince días naturais contados desde a recepción da solicitude de inicio da mediación non se asinase a acta da sesión constitutiva, renovarase o cómputo dos prazos.
- c) Non, a mera solicitude de inicio da mediación non suspenderá a prescrición da acción. Só cando se asine a acta da sesión constitutiva poderá suspenderse o prazo de prescrición.
- d) Non. A mediación non produce ningún efecto sobre a prescrición ou caducidade da acción civil.

44 – Marina interveu como mediadora nun asunto civil que concluíu sen acordo. Unha das partes que interveu na mediación citouna a xuízo como testemuña. Está Marina obrigada a declarar sobre a información que obtivo na mediación?

- a) Non, en ningún caso. O procedemento de mediación e a documentación utilizada nel é sempre confidencial e a información obtida polo mediador non pode ser revelada baixo ningún concepto.
- b) Si, sempre que as partes de maneira expresa e por escrito o dispensen do deber de confidencialidade.
- c) Non, en ningún caso. Só na orde xurisdiccional penal, mediante resolución xudicial motivada, pode ser Marina dispensada do deber de confidencialidade.
- d) Si, os mediadores poden intervir como testemuñas nun preito civil e están obrigados a declarar sobre a información da que tivesen coñecemento por razón dos seus cargos.

45 – Jonás debe a Noelia a cantidade de 12.000 €, polo que esta lle realiza un requirimento fidedigno e xustificado de pago. Con todo, Jonás non paga a Noelia, polo que esta interpón a correspondente demanda para reclamarlle a dita cantidade. Antes de contestar á demanda, Jonás achántase con esta. Pode ser condenado en custas?

- a) Non, posto que Jonás achantouse antes da contestación á demanda.
- b) Non, nun caso como este nunca se impondrán custas a ningún dos litigantes.
- c) Si, nun caso como este entenderase que Jonás actuou de mala fe.
- d) Non, neste caso, só cabería a condena en custas a Jonás, se Noelia iniciase procedemento de mediación ou dirixido contra el solicitude de conciliación antes da interposición da demanda.

46 – Que Tribunal é competente para coñecer da acción de anulación dun laudo?

- a) O xulgado de primeira instancia do lugar da arbitraxe.
- b) O xulgado de primeira instancia do lugar onde as medidas deban producir a súa eficacia.
- c) **A sala do civil e do penal do tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma onde aquel se ditase.**
- d) O xulgado de primeira instancia do domicilio ou lugar de residencia da persoa a quen se refire os efectos do laudo.

47 – Rosa e Jaume asinaron un contrato de transacción civil co fin de evitar un preito sobre un asunto de lindes. Con posterioridade á sinatura do contrato, Rosa descobre novos documentos que lle beneficiarían á hora de resolver esta controversia. Que poderá facer Rosa?

- a) Rosa poderá en todo caso anular ou rescindir a transacción en calquera momento.
- b) **Rosa non poderá anular nin rescindir a transacción por este motivo, salvo no caso no que houbese mala fe.**
- c) Rosa poderá anular a transacción dentro dos quince días seguintes ao descubrimento do documento, aínda que non houbese mala fe.
- d) Rosa só poderá anular a transacción nos casos de erro, violencia, dolo ou falsidade de documentos.

48 – Os profesionais da avogacía designados de oficio para a asistencia, defensa e representación gratuíta, ata cando deben desempeñar as súas funcións?

- a) Ata a terminación do proceso na instancia xudicial de que se trate e, de ser o caso, a execución das sentenzas, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos cinco anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.
- b) Ata a terminación do proceso na instancia xudicial de que se trate e, de ser o caso, a execución das sentenzas, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos tres anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.
- c) Ata a terminación do proceso na instancia xudicial de que se trate e, de ser o caso, a execución das sentenzas, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos catro anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.
- d) **Ata a terminación do proceso na instancia xudicial de que se trate e, de ser o caso, a execución das sentenzas, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos dous anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.**

49 – O secretario de estado de xustiza ditou unha resolución desacollidora en materia de responsabilidade patrimonial da Administración de Xustiza, na que un administrado lle reclamaba ao Estado unha indemnización por importe de 25.000 €. Que tribunal é competente para coñecer do recurso contra esta resolución?

- a) **Os xulgados centrais do contencioso-administrativo.**
- b) A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.
- c) A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.
- d) Os xulgados do contencioso-administrativo de Madrid.

50 – Faustino considera que foi detido ilegalmente polo que presenta un escrito de solicitude de *habeas corpus* ao xulgado de instrución en funcións de garda. Cal dos seguintes datos non é preceptivo que conste na solicitude?

- a) O nome e circunstancias persoais de Faustino.
- b) A autoridade baixo cuxa custodia se atopa, se for coñecida.

- c) O motivo concreto polo que se solicita o *habeas corpus*.
- d) O profesional da avogacía que necesariamente debe designar para a súa defensa.

Preguntas de reserva

1 – Quen non está lexitimado para interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra un Estatuto de Autonomía?

- a) O Defensor do Pobo.
- b) O Fiscal Xeral do Estado.
- c) O Presidente do Goberno.
- d) Cincuenta senadores.

2 – Que Tribunal é competente para coñecer dun recurso contra un decreto do Fiscal xeral do Estado?

- a) A Sala do Social da Audiencia Nacional.
- b) A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.
- c) A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.
- d) Os xulgados centrais do contencioso-administrativo.

3 – Nunha arbitrase con máis de tres árbitros, como debe facerse o nomeamento destes?

- a) As partes poderán acordar libremente o procedemento para a designación dos árbitros, sempre que non se vulnere o principio de igualdade.
- b) Nestes casos, sempre procederá que cada parte nomee un, e os dous árbitros así designados nomearán aos demais.
- c) Todos serán nomeados polo tribunal competente, aínda que houbese acordo das partes.
- d) Nas arbitraxes non poderán intervir máis de tres árbitros.

4 – Julen foi condenado en custas ao ver rexeitada a súa demanda nun preito civil no que reclamaba a cantidade de 6.000 €. O tribunal, ademais, declarou que Julen litigou con temeridade. Que cantidade máxima lle terá que pagar ao demandado?

- a) A totalidade das custas ata un máximo de 12.000 €.
- b) A totalidade das custas que orixinase.
- c) Unha cantidade total que non exceda da terceira parte da contía do proceso.
- d) Nos preitos civís, cada parte aboará as custas causadas á súa instancia e as comúns por metade.

5 – En que circunscrición territorial está integrada a Cidade de Ceuta para os efectos de demarcación xudicial?

- a) Na da Sección Sexta da Audiencia Provincial de Cádiz, con sede en Ceuta.
- b) Na da Sección Oitava da Audiencia Provincial de Málaga, con sede en Ceuta.
- c) Na da Sección Sétima da Audiencia Provincial de Sevilla, con sede en Ceuta.
- d) Na da Sección Oitava da Audiencia Provincial de Córdoba, con sede en Ceuta.

6 – Ibai carece de recursos suficientes para litigar e foi denunciado por un delito leve de furto. Ten dereito á asistencia xurídica gratuíta?

a) Non, ao tratarse dun delito leve.

b) Si, no caso no que Ibai exercite o seu dereito para estar asistido de avogado e así o acorde o xulgado ou tribunal.

c) Non, tratándose de delitos leves, só está previsto para os casos de violencia de xénero.

d) Só no caso en que a outra parte estivese asistida de avogado.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

1 – O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Llanes adoptou medidas de apoio á discapacidade, en favor de Txema. Como regra xeral, son revisables estas medidas?

- a) As medidas de apoio adoptadas xudicialmente non poderán nunca revisarse.
- b) As medidas de apoio adoptadas xudicialmente serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de tres anos.
- c) As medidas de apoio adoptadas xudicialmente serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de oito anos.
- d) As medidas de apoio adoptadas xudicialmente serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de sete anos.

2 – Nun procedemento ordinario civil, Ana está a actuar como avogada de Fernando, o demandado. Durante este, falece o pai de Ana, Francisco. Poden interromperse os prazos e demorarse os termos procesuais polo falecemento do pai de Ana?

- a) Non, os prazos procesuais son sempre improrrogables, sen que se contemple nunca ningunha excepción a esta regra xeral.
- b) Si, durante un prazo de tres días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procuradoría.
- c) Si, durante un prazo de cinco días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procuradoría.
- d) Si, durante un prazo de dez días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procuradoría.

3 – Tamara adquiriu a posesión, de boa fe, dun reloxo de gran valor, en venda pública, por valor de 30.000 €. Pablo reclámalle a Tamara a devolución do reloxo, xa que o perdeu por un descoido. Pode Pablo recuperar o reloxo?

- a) Non, xa que o reloxo, ao adquirilo en venda pública, será a partir dese momento de Tamara.
- b) Si, Pablo poderá obter a restitución do ben reembolsando o prezo dado por Tamara, 30.000 €.
- c) Si, Pablo poderá obter a restitución do ben reembolsando a metade do prezo dado por Tamara, 15.000 €.
- d) Si, Pablo poderá obter a restitución do ben reembolsando unha terceira parte do prezo dado por Tamara, 10.000 €.

4 – Dous membros da Policía Nacional atopan un neno acabado de nacer abandonado xunto a un contedor de lixo, sen que exista ningún dato sobre quen son os seus proxenitores. A quen lle corresponderá impoñer un nome ao nado de filiación descoñecida?

- a) Ao encargado do Rexistro Civil.
- b) Ao xuíz de primeira instancia do domicilio onde o nado for atopado.
- c) Aos dous membros da Policía Nacional que atopasen o nado.

d) Ao presidente da audiencia provincial onde o nado for atopado.

5 – Sonsoles, Ana Rosa, Joaquín e Jorge Javier queren crear unha sociedade anónima. Cal é o capital social mínimo que terá que ter a sociedade anónima?

- a) 1 €.
- b) 3.000 €.
- c) 50.000 €.
- d) 60.000 €.

6 – No Colexio de Procuradores de Ciudad Real produciuse un ataque informático que inutilizou o servizo de notificacións durante dez días, polo que se suspenderon, por razón de forza maior, as notificacións procesuais cos procuradores. Unha vez alzada a suspensión, como lle reenviará ao procurador ou procuradora as notificacións acumuladas o colexio de procuradores?

- a) De forma graduada en igual proporción aos días de suspensión empregados.
- b) De forma global, sen fraccionarse, nun só envío.
- c) De forma fraccionada, en dous envíos, entre os que deberán mediar, polo menos dous días hábiles.
- d) De forma fraccionada, en dous envíos, entre os que deberán mediar, polo menos cinco días hábiles.

7 – Patxi constituíu co banco un contrato de préstamo con garantía hipotecaria no que se establece como garantía a casa da súa propiedade, na que vive. A hipoteca non se inscribiu no Rexistro da Propiedade. Con posterioridade, Patxi vendeu a casa a Joseba. Pode prexudicar, neste caso, a Joseba a existencia dunha garantía hipotecaria sobre o inmovible que adquiriu?

- a) Si, porque a hipoteca é unha garantía hipotecaria que sempre ha de prexudicar a terceiros.
- b) Non, porque a hipoteca non se inscribiu no Rexistro da Propiedade e por iso non pode prexudicar a terceiros.
- c) Non, porque se o préstamo con garantía hipotecaria non se inscribiu no Rexistro da Propiedade, o contrato é nulo de pleno dereito.
- d) Si, porque Joseba nunca tería a condición xurídica de terceiro.

8 – Guillermina obtivo nun procedemento xudicial en Emiratos Árabes Unidos unha sentenza favorable na que se condena a Yossuef a pagarlle a cantidade de 2.300.000 €. Guillermina quere interpoñer demanda executiva en España contra Yossuef, ao ser o lugar onde se atopan todos os seus bens mobles e inmoables. Que prazo ten para interpoñer a demanda executiva?

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 5 anos.
- d) As demandas executivas con Emiratos Árabes Unidos non caducan nunca.

9 – Xuan, avogado da parte actora, interpuxo recurso de casación. Admitido o recurso, en que prazo se dará traslado do escrito de interposición, cos seus documentos adxuntos, á parte ou partes recorridas e comparecidas para que formalicen a súa oposición?

- a) No prazo de cinco días.
- b) No prazo de dez días.
- c) No prazo de vinte días.
- d) No prazo dun mes.

10 – A Leopoldo notificáronlle a incoación dun procedemento sancionador, por condutas restritivas, en materia de defensa da competencia. Cal é o prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia?

- a) 6 meses contados desde a data do acordo de incoación deste.
- b) 12 meses contados desde a data do acordo de incoación deste.
- c) 24 meses contados desde a data do acordo de incoación deste.
- d) 48 meses contados desde a data do acordo de incoación deste.

11 – Irene quere interpoñer demanda executiva contra Anuska, baseada nunha póliza de contrato mercantil e intervida por notario, por importe de 250 €. Poderá o xulgado despachar execución contra Anuska?

- a) Si, con independencia de cal sexa a súa contía.
- b) Non, porque só poderá despacharse execución por cantidade determinada que exceda de 300 €.
- c) Non, porque só poderá despacharse execución por cantidade determinada que exceda de 500 €.
- d) Non, porque só poderá despacharse execución por cantidade determinada que exceda de 900 €.

12 – Idoia non pode facer fronte ao pago das súas obrigas correntes, polo que está pensando iniciar un procedemento de concurso de acredores. Quen é competente para tramitar e declarar o concurso de acredores?

- a) Os xuíces do civil.
- b) Os xuíces do mercantil.
- c) Os xuíces do social.
- d) Os xuíces do contencioso-administrativo.

13 – Durante a tramitación dun procedemento verbal, Jordi, marido de Isa, avogada da parte actora, sofre un accidente de tráfico polo cal ten que ser ingresado e intervido de urxencia, ao estar en perigo a súa vida. Quen poderá acordar a suspensión do proceso?

- a) O xuíz ou xuíza, unha vez acreditada a causa invocada, ditará o máis axiña posible auto polo que acorde a suspensión do proceso para todos os efectos e polo prazo que corresponda, que deberá ser notificado de inmediato.
- b) O Ministerio Fiscal, unha vez acreditada a causa invocada, ditará o máis axiña posible decreto polo que acorde a suspensión do proceso para todos os efectos e polo prazo que corresponda, que deberá ser notificado de inmediato.
- c) O letrado ou letrada da Administración de Xustiza, unha vez acreditada a causa invocada, ditará o máis axiña posible decreto polo que acorde a suspensión do proceso para todos os efectos e polo prazo que corresponda, que deberá ser notificado de inmediato.
- d) A audiencia provincial, unha vez acreditada a causa invocada, ditará o máis axiña posible acordo para a suspensión do proceso para todos os efectos e polo prazo que corresponda, que deberá ser notificado de inmediato.

14 – A Susanna concedéronlle unha patente por unha invención industrial, a cal inscribiu no Rexistro de Patentes. Cal é a duración que terá a patente?

- a) 10 anos improrrogables.
- b) 20 anos improrrogables.
- c) 40 anos improrrogables.
- d) A patente terá unha duración indefinida no tempo.

15 – Albert ten a síndrome de Dióxenes, e sendo consciente da súa enfermidade quere promover un procedemento xudicial contra si mesmo, para que se adopten no seu favor medidas de apoio á discapacidade. Está lexitimado para promover o procedemento?

- a) Si.
- b) Si, pero unicamente se a demanda é ratificada polo Ministerio Fiscal.
- c) Non, xa que só estaría lexitimado o Ministerio Fiscal.
- d) Non, xa que só están lexitimados o Ministerio Fiscal, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, o seu descendente, ascendente ou irmán.

16 – Remedios, avogada de Sofía, interpuxo un procedemento de dilixencias preliminares. Que forma adoptará a resolución que acorde ou denegue as dilixencias preliminares?

- a) Auto.
- b) Sentenza.
- c) Decreto.
- d) Dilixencia de ordenación.

17 – Julio roubou un smartphone valorado en 1.100 € a Polina. Julio pretende adquirir por prescripción adquisitiva o smartphone que subtraeu. Que período de tempo debe transcorrer para que poida adquirilo por prescripción adquisitiva?

- a) Pola posesión non interrompida de tres anos, ao actuar con boa fe.
- b) Pola posesión non interrompida de seis anos, sen necesidade de ningunha outra condición.
- c) Pola posesión non interrompida de vinte anos, sen necesidade de ningunha outra condición.
- d) As cousas mobles furtadas ou roubadas non poderán ser prescritas polos que as furtaron ou roubaron.

18 – Aitor, arrendador, quere acumular nun mesmo procedemento contra Javier, arrendatario, a acción de reclamación de cantidades por falta de pagamento de rendas e cantidades debidas dun inmovible arrendado, e a de dereitos honoríficos da persoa, polas expresións que empregou contra el. Que tipo de procedemento coñecerá da acumulación de ambas as accións?

- a) O xuízo ordinario.
- b) O xuízo verbal.
- c) O xuízo de maior contía.
- d) As accións non poderán acumularse, xa que, por razón da súa materia, deberán resolverse en xuízos de diferente tipo.

19 – Adela, avogada da parte actora, quere solicitar a suspensión dunha vista. Cal das seguintes non é causa de suspensión dunha vista?

- a) Por morte, enfermidade ou imposibilidade absoluta, baixa por nacemento e coidado de menor do avogado ou avogada da parte que pedise a suspensión.
- b) Por imposibilidade absoluta de calquera das partes citadas para ser interrogadas no xuízo ou vista, sempre que tal imposibilidade, xustificada suficientemente a xuízo do letrado ou letrada da Administración de Xustiza, se producise cando xa non fose posible solicitar novo sinalamento.
- c) Por solicitalo de acordo as partes, alegando xusta causa a xuízo do letrado ou letrada da Administración de Xustiza.
- d) Por ter o avogado defensor dos sinalamentos de vista en diferentes días e tribunais.

20 – Soledad e Mikael celebraron un contrato de mandato, en virtude do cal Soledad autoriza a Mikael a que venda a casa que ten na localidade de Pals. Que tipo de mandato necesitará Mikael para poder vender o inmovible?

- a) Mandato tácito.
- b) Mandato xeral.
- c) Mandato expreso.
- d) Mandato especial.

21 – O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Cambados está a coñecer dun procedemento civil para a defensa do dereito á igualdade de trato e non discriminación de Jerónimo. Quen estaría lexitimado para exercer a acción?

- a) Unicamente, o Ministerio Fiscal e as persoas afectadas.
- b) As persoas afectadas e sempre coa súa autorización, estarán tamén lexitimados a autoridade independente para a igualdade de trato e a non discriminación, así como, en relación coas persoas afiliadas ou asociadas a eles, os partidos políticos, os sindicatos, as asociacións profesionais de traballadores autónomos, as organizacións de persoas consumidoras e usuarias e as asociacións e organizacións legalmente constituídas que teñan entre os seus fins a defensa e promoción dos dereitos humanos.
- c) O Ministerio de Igualdade.
- d) Unicamente, as persoas afectadas.

22 – Xenia quere interpoñer unha demanda sobre debuxos e modelos comunitarios contra Rafael. Quen ten competencia exclusiva para coñecer en primeira instancia con xurisdición en todo o territorio nacional daquelas accións que se exerciten ao amparo do establecido no Regulamento (CE) nº 6/2002 do Consello, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios?

- a) Os xulgados de primeira instancia onde teña o seu domicilio o demandado.
- b) A Sala Primeira do Tribunal Supremo.
- c) Os xulgados do mercantil con sede na cidade de Alacante.
- d) Os xulgados do mercantil con sede na Audiencia Nacional.

23 – Inma, avogada da demandada, ao non estar conforme coa sentenza da audiencia provincial, quere interpoñer, en tempo e forma, un recurso de casación por infracción das normas do dereito civil, foral ou especial propio da Comunidade Autónoma. Quen coñecerá deste recurso cando o correspondente Estatuto de Autonomía prevese esta atribución?

- a) A Sala Primeira do Tribunal Supremo.
- b) A Sala Segunda do Tribunal Supremo.
- c) A Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza.

d) Contra as sentenzas ditadas pola audiencia provincial só poderá interpoñerse recurso de suplicación.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24 – Adrián, nacido en Mérida, é fillo de Josep, de veciñanza civil catalá, e de Marga, de veciñanza civil aragonesa. Nin Josep nin Marga lle atribuíron as súas respectivas veciñanzas civís, tendo dúbidas sobre cal será a que lle corresponda a Adrián. Ante a dúbida, acoden a Silvia, avogada. Que deberá responder Silvia?

- a) Ante a dúbida, Adrián non terá veciñanza civil.
- b) Adrián terá a veciñanza do pai, ao ser a preferente, polo que terá veciñanza civil catalá.
- c) Adrián terá a veciñanza da nai, ao ser a preferente, polo que terá veciñanza civil aragonesa.
- d) **Adrián terá a veciñanza común, xa que, en caso de dúbida, prevalecerá a veciñanza civil que corresponda ao lugar de nacemento.**

25 – Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A - Dereito civil común:

25 – Josefa, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil común. Cal é a relación entre o dereito común e a aplicación dos réximes xurídicos civís coexistentes no territorio nacional?

- a) As disposicións do título preliminar do Código civil, en canto determinan os efectos das leis e as regras xerais para a súa aplicación, así como as do título IV do libro I, con excepción das normas deste último relativas ao réxime económico matrimonial, non terán aplicación xeral e directa en toda España. No demais, só rexerá o Código civil como dereito supletorio, en defecto do que o sexa en cada unha daquelas segundo as súas normas especiais, cando se estableza expresamente polo Tribunal Económico Administrativo.
- b) O costume do dereito común terá aplicación xeral e directa en toda España, prevalecendo sobre o establecido na lei. No demais, e con pleno respecto aos dereitos especiais ou forais das provincias ou territorios en que están vixentes, rexerá o costume da Comunidade de Madrid, en defecto do que o sexa en cada unha daquelas segundo as súas normas especiais.
- c) **As disposicións do título preliminar do Código civil, en canto determinan os efectos das leis e as regras xerais para a súa aplicación, así como as do título IV do libro I, con excepción das normas deste último relativas ao réxime económico matrimonial, terán aplicación xeral e directa en toda España. No demais, e con pleno respecto aos dereitos especiais ou forais das provincias ou territorios en que están vixentes, rexerá o Código civil como dereito supletorio, en defecto do que o sexa en cada unha daquelas segundo as súas normas especiais.**
- d) Os principios xerais do dereito común, e á falta destes, o costume e a lei, terán aplicación xeral e directa en toda España. No demais, e con pleno respecto aos dereitos especiais ou forais das provincias ou territorios en que están vixentes, aplicaranse as normas da Unión Europea como dereito supletorio, en defecto do que o sexa en cada unha daquelas segundo as súas normas especiais.

B - Dereito civil Aragón:

25 – Albira, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil de Aragón. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

- a) As fontes do Dereito civil de Aragón son o dereito común do Código civil, o costume, a lei, e os principios xerais nos que tradicionalmente se inspira o seu ordenamento xurídico.
- b) As fontes do Dereito civil de Aragón son o costume, os principios xerais nos que tradicionalmente se inspira o seu ordenamento xurídico e os pronunciamentos ditados polo Tribunal Económico Administrativo da Comunidade Autónoma de Aragón.
- c) As fontes do Dereito civil de Aragón son a lei, o costume e os principios xerais nos que tradicionalmente se inspira o seu ordenamento xurídico.
- d) As fontes do Dereito civil de Aragón son os principios xerais nos que tradicionalmente se inspira o seu ordenamento xurídico, a lei e o principio de subsidiariedade do dereito catalán.

C - Dereito civil Baleares:

25 – Emma, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil das Illes Balears. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

- a) As fontes do Dereito civil das Illes Balears son: o costume e os principios xerais do dereito civil propio, a regulación do dereito penal común e os usos da terra.
- b) As fontes do Dereito civil das Illes Balears son: a Compilación e o dereito civil común.
- c) As fontes do Dereito civil das Illes Balears son: a Compilación e as normas autonómicas que afecten á materia de dereito civil, o costume e os principios xerais do dereito civil propio.
- d) As fontes do Dereito civil das Illes Balears son: o costume, os principios xerais do dereito civil propio e, subsidiariamente, a Compilación de Dereito Foral de Aragón.

D - Dereito civil Cataluña:

25 – Ona, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil de Cataluña. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

- a) O dereito civil de Cataluña está constituído polo costume, que se aplicará con carácter preferente á lei, as disposicións do Código civil de Cataluña e os principios xerais do dereito propio.
- b) O dereito civil de Cataluña está constituído polos costumes e os principios xerais do dereito propio. A lei aplicarase con carácter supletorio ao non previsto polo costume ou os principios xerais do dereito.
- c) O dereito civil de Cataluña está constituído polas disposicións do Código civil de Cataluña, as demais leis do Parlamento en materia de dereito civil, os costumes e os principios xerais do dereito propio. O costume só rexe en defecto de lei aplicable.
- d) O dereito civil de Cataluña está constituído polas disposicións do Código civil de Cataluña, as demais leis do Parlamento en materia de dereito civil, os costumes e os principios xerais do dereito propio, aplicándose con carácter supletorio o establecido no dereito foral de Galicia.

E - Dereito civil Galicia:

25 – Catuxa, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil de Galicia. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

- a) As fontes do dereito civil de Galicia son a lei, o costume, os principios xerais que integran e informan o ordenamento xurídico galego, e as resolucións dos tribunais administrativos. O costume rexerá en defecto de lei galega aplicable. En defecto de lei e costume galegos, será de aplicación con carácter supletorio o dereito civil xeral do Estado, cando non se opoña aos principios do ordenamento xurídico galego.
- b) As fontes do dereito civil de Galicia son o costume e os principios xerais que integran e informan o ordenamento xurídico galego. En defecto de costume galego, será de aplicación con

carácter supletorio o dereito civil xeral do País Vasco, cando non se opoña aos principios do ordenamento xurídico galego.

c) As fontes do dereito civil de Galicia son a lei, o costume e os principios xerais que integran e informan o ordenamento xurídico galego. O costume rexerá en defecto de lei galega aplicable. En defecto de lei e costume galegos, será de aplicación con carácter supletorio o dereito civil xeral do Estado, cando non se opoña aos principios do ordenamento xurídico galego.

d) As fontes do dereito civil de Galicia son a lei e os principios xerais que integran e informan o ordenamento xurídico galego. En defecto de lei, será de aplicación con carácter supletorio o dereito civil xeral do Estado, e á falta deste, as normas de calquera dos dereitos forais ou especiais recoñecidos no dereito español.

F - Dereito civil País Vasco (Bizkaia):

25 – Haizea, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil do País Vasco. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

a) Constitúen o dereito civil da Comunidade Autónoma do País Vasco as disposicións da Lei 5/2015, do 25 de xuño, de dereito civil vasco, os principios xerais do dereito que o inspiran e as resolucións do Tribunal Económico Administrativo.

b) Constitúen o dereito civil da Comunidade Autónoma do País Vasco o costume e os principios xerais do dereito que o inspiran.

c) Constitúen o dereito civil da Comunidade Autónoma do País Vasco as disposicións da Lei 5/2015, do 25 de xuño, de dereito civil vasco, o costume e os principios xerais do dereito que o inspiran.

d) Constitúen o dereito civil da Comunidade Autónoma do País Vasco as disposicións da Lei 5/2015, do 25 de xuño, de dereito civil vasco e os principios xerais do dereito que o inspiran, non tendo valor xurídico, como fonte do dereito, o costume.

G - Dereito civil Navarra:

25 – June, pola súa veciñanza civil, está vinculada ao dereito civil de Navarra. Cales son as fontes neste dereito foral ou especial?

a) Son fontes do dereito civil de Navarra: o costume establecido pola realidade social navarra. Na súa falta, as leis da compilación e as leis civís navarras. Á falta de costume e de lei, as resolucións ditadas polo Tribunal Económico Administrativo.

b) Son fontes do dereito civil de Navarra: o costume establecido pola realidade social navarra, e a falta de costume, os principios xerais do dereito navarro. A lei non será de aplicación na regulación do dereito civil de Navarra.

c) Son fontes do dereito civil de Navarra: o costume establecido pola realidade social navarra. Na súa falta, as leis da compilación e as leis civís navarras. Á falta de costume e de lei, os principios xerais do dereito navarro.

d) Son fontes do dereito civil de Navarra: as leis da compilación e as leis civís navarras. Na súa falta, o costume establecido pola realidade social navarra. A falta de lei e de costume, os principios xerais do dereito navarro.

Preguntas de reserva

1 – Maika, avogada, propón proba nun xuízo verbal. Laura, a maxistrada do xulgado que coñece do procedemento, inadmite a proba proposta por Maika. Que recurso cabe contra a inadmisión da proba?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso directo de revisión.
- c) Recurso de suplicación.
- d) Non cabe recurso ningún.

2 – O Xulgado de Primeira Instancia de Santander está a coñecer dun procedemento de execución xudicial, no que Lydia, avogada de Jacinto, interpuxo unha terzaría de mellor dereito contra o executante, José María. Por que trámites se despachará a terzaría de mellor dereito?

- a) Tramitarase pola vía do xuízo ordinario.
- b) Tramitarase pola vía do xuízo verbal.
- c) Tramitarase mediante declinatoria.
- d) Tramitarase pola vía do xuízo de maior contía.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1 – Que tipo de infracción penal constitúe a ocupación, sen autorización debida, dun inmovible, vivenda ou edificio alleos que non constitúan morada, ou manterse neles contra a vontade do seu titular?

- a) Un delito leve ao estar castigado cunha pena de multa de tres a seis meses.
- b) Un delito menos grave ao ser o límite máximo da pena para impoñer de seis meses de multa.
- c) Un delito leve ao estar castigado cunha pena de prisión inferior a tres meses.
- d) Un delito menos grave, pero no que non é preceptiva a asistencia letrada.

2 – Segundo establece o artigo 22 do Código penal, hai reincidencia:

- a) Cando, ao delinquir, o culpable fose condenado executoriamente por un delito comprendido no mesmo capítulo deste código, sexa da mesma ou de distinta natureza.
- b) Cando, ao delinquir, o culpable fose condenado executoriamente por un delito comprendido no mesmo título deste código, sempre que sexa da mesma natureza.
- c) Cando, ao delinquir, o culpable fose condenado executoriamente por un delito comprendido no mesmo capítulo deste código, sempre que sexa da mesma natureza.
- d) Cando, ao delinquir, o culpable fose condenado executoriamente por un delito comprendido no mesmo título deste código, sexa da mesma ou de distinta natureza.

3 – De conformidade co establecido no Código penal, reputarase pena:

- a) A prisión preventiva.
- b) A localización permanente.
- c) As medidas cautelares de natureza penal.
- d) A detención.

4 – Ramón foi condenado pola comisión dun delito contra a seguridade viaria á pena de privación do dereito para conducir vehículos de motor e ciclomotor por tempo dun ano. Comporta esta pena a perda da vixencia do permiso para a conducción?

- a) Non, dado que a pena imposta foi por un tempo non superior a dous anos.
- b) Si, pois precisamente a imposición desa pena por tempo superior a seis meses comporta a perda da vixencia do permiso para a conducción.
- c) Non, pois a perda de vixencia do permiso é unha sanción administrativa non prevista a ningún efecto no Código penal.
- d) Si, pois é unha consecuencia automática aparelada á privación do dereito para conducir vehículos de motor e ciclomotor.

5 – Cal das seguintes medidas non é susceptible de ser imposta a un menor de idade maior de 14 anos pola comisión de feitos tipificados como delito no Código penal ou nas leis penais especiais?

- a) Liberdade vixiada.
- b) Prestacións en beneficio da comunidade.
- c) Amoestación.
- d) Multa.

6 – A Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aplicarase para esixir a responsabilidade:

- a) Das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaseis pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as leis penais especiais.
- b) Das persoas menores de catorce anos e menores de dezoito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as leis penais especiais.
- c) Das persoas maiores de catorce anos e menores de dezoito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as leis penais especiais.
- d) Das persoas maiores de doce anos e menores de dezoito pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou as leis penais especiais.

7 – Cal das seguintes afirmacións non constitúe un requisito para que a xurisdición española poida coñecer de delitos cometidos fóra do territorio español?

- a) Que o criminalmente responsable sexa español.
- b) Que o agraviado ou o Ministerio Fiscal interpoña querela ante os tribunais españois.
- c) Que o delincuente fose absolto no estranxeiro.
- d) Que o feito sexa punible no lugar de execución.

8 – Julia, cónxuxe de Juan, foi testemuña dun delito menos grave de lesións previsto no artigo 147 do Código penal perpetrado por Juan contra o fillo menor que aquel tivo noutro matrimonio anterior. Ten Julia obriga de denunciar os feitos?

- a) Non, pois o cónxuxe non separado legalmente ou de feito está exento da obriga de denunciar.
- b) Si, pois a exención á obriga de denunciar non opera nos casos de delitos de lesións de calquera tipo.
- c) Non, pois non posúe vínculos maternofiliais coa vítima.
- d) Si, ao ser a vítima menor de idade.

9 – Manuel, menor de 12 anos, foi testemuña dun delito de roubo con forza en casa habitada. O xuíz de instrución acordou que se preconstituíse a súa declaración para evitar que o menor comparecese en xuízo. Era obrigatorio preconstituír a declaración do menor?

- a) Non, pois para que sexa obrigatorio preconstituír a declaración dos menores de catorce anos é preciso que estes sexan vítima do delito.
- b) Non é obrigatorio neste caso.
- c) Si, dado que o artigo 449 ter da Lei de axuízamento criminal establece que cando un menor de catorce anos deba intervir en condición de testemuña nun procedemento xudicial a autoridade xudicial acordará, en todo caso, practicar a audiencia do menor como proba preconstituída.
- d) Si, pero sempre que non se opoña a defensa do investigado.

10 – Cal dos seguintes recursos non aparece recollido na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores?

- a) Recurso de casación.
- b) Recurso de reforma.
- c) Recurso de apelación.
- d) Recurso de suplicación.

11 – Concluída a segunda votación do xurado sobre os feitos e a culpabilidade dun acusado de delito de asasinato, a maxistrada-presidenta recibe a acta de votación. Nesta acta consta que o xurado considerou probados os feitos cunha maioría de nove votos e culpable ao acusado do feito delituoso imputado por unha maioría de seis votos. Como deberá proceder aquela?

- a) Disolverá o xurado e convocarase xuízo oral cun novo xurado.
- b) Concederá a palabra ao fiscal e demais partes para que, pola súa orde, informen sobre a pena ou medidas que deben impoñerlle ao declarado culpable e sobre a responsabilidade civil.
- c) Ditará no acto sentencia absolutoria do acusado.
- d) **Devolverá a acta ao xurado.**

12 – Segundo o disposto na Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, quedan excluídos da competencia do xurado:

- a) **Os delitos cuxo axuizamento veña atribuído á Audiencia Nacional e aqueles cuxa competencia fose asumida pola Fiscalía Europea.**
- b) Todo tipo de delito conexo que garde relación cos delitos cuxo coñecemento corresponda en exclusiva ao tribunal do xurado.
- c) Os delitos de tráfico de influencias previstos nos artigos 428 a 430 do Código penal.
- d) O delito de infidelidade na custodia de presos previsto no artigo 471 do Código penal.

13 – Que recurso cabe contra o auto de apertura de xuízo oral no procedemento abreviado?

- a) Recurso de súplica.
- b) **Ningún, excepto no relativo á situación persoal do acusado.**
- c) Recurso de reforma e subsidiario de apelación.
- d) Soamente recurso de apelación.

14 – No ámbito do procedemento para o axuizamento de delitos leves e de conformidade co disposto no artigo 963 da Lei de axuizamento criminal, en que circunstancias o/a xuíz/a acordará o sobresemento do procedemento cando o solicite o Ministerio Fiscal?

- a) Cando o delito leve denunciado resulte de moi escasa gravidade á vista da natureza do feito, as súas circunstancias e as persoais do autor.
- b) **Cando o delito leve denunciado resulte de moi escasa gravidade á vista da natureza do feito, as súas circunstancias e as persoais do autor e non exista un interese público relevante na persecución do feito.**
- c) Soamente cando non exista un interese público relevante na persecución do feito.
- d) Cando non exista denuncia do prexudicado.

15 – O cuñado do avogado Manel acaba de ser hospitalizado por causa grave o mesmo día no que Manel debe asistir á vista oral dun proceso penal no que defende a Noelia. Pode suspenderse a vista por este motivo?

- a) Non, posto que a Lei de axuizamento criminal non permite a suspensión pola hospitalización grave dun familiar dos profesionais da avogacía.
- b) Non, porque a Lei de axuizamento criminal só contempla a suspensión por hospitalización por causa grave de familiares ata o segundo grao por consanguinidade dos profesionais da avogacía.
- c) Non, ao tratarse do mesmo día do xuízo e non ser unha causa que impida a Manel continuar tomando parte nel.
- d) **Si, sempre que Manel non poida ser substituído sen grave inconveniente para a defensa de Noelia.**

16 – Leyre, avogada, pretende interpoñer contra unha sentenza penal da Audiencia Provincial de Navarra, recurso de casación por infracción de lei. Que debe consignar Leyre necesariamente no seu escrito?

- a) Debe designar a falta ou faltas que se supoñan cometidas, sen razoamento ningún.
- b) Debe designar, sen razoamento ningún, os particulares do documento que mostren o erro na apreciación da proba.
- c) Non debe consignar nada. Só lle deberá solicitar á audiencia provincial un testemuño da resolución definitiva e manifestará a clase ou clases de recurso que trate de utilizar.
- d) Deberá consignar a concorrencia dos requisitos esixidos, identificando o precepto ou preceptos substantivos que se consideran infrinxidos e explicando de modo sucinto as razóns que fundan tal infracción.

17 – A Audiencia Provincial de Barcelona ditou sentenza na que condena a mercantil UUUYYYW, SA a unha pena de suspensión das súas actividades por un prazo dun ano e seis meses. En atención á súa natureza e duración, que clasificación ten a dita pena?

- a) É unha pena grave.
- b) É unha pena menos grave.
- c) É unha pena leve.
- d) É unha pena accesoria.

18 – Mariana denunciou o seu marido Gabriel por un delito de malos tratos e solicitoulle ao órgano xudicial a adopción dunha orde de protección na que solicita, entre outras medidas, a atribución do uso e goce da vivenda familiar. Pode pronunciarse o/a xuíz/a sobre esta medida dentro da orde de protección?

- a) Non. Na orde de protección soamente cabe incluír medidas de natureza penal que atendan á necesidade de protección integral e inmediata da vítima.
- b) Non, dado que na orde de protección só cabe incluír medidas de natureza civil relativas ao réxime de garda e custodia, suspensión ou mantemento do réxime de visitas, comunicación e estancia cos menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección e sobre o réxime de prestación de alimentos.
- c) Si. Trátase dunha medida de natureza civil que pode acordarse dentro dunha orde de protección.
- d) Si, pero unicamente no caso de que o Ministerio Fiscal informe favorablemente.

19 – Tadeo é a persoa especialmente designada pola súa empresa MFYXZB, SA para acudir a un xuízo no que esta mercantil está acusada. Con todo, chegado o día da vista, Tadeo non pode acudir. Pode celebrarse o xuízo na súa ausencia?

- a) Non, non cabe a celebración do xuízo en ausencia para as persoas xurídicas.
- b) Si. A incomparecencia da persoa especialmente designada pola persoa xurídica para a súa representación non impedirá en ningún caso a celebración da vista.
- c) Si, pero unicamente no caso de que se soliciten penas privativas de liberdade inferiores a dous anos.
- d) Non, salvo que o profesional da avogacía que defende a persoa xurídica renuncie á práctica da declaración de Tadeo.

20 – De cal dos seguintes delitos non pode ser penalmente responsable unha persoa xurídica?

- a) Do delito de acoso sexual.
- b) Do delito relativo a radiacións ionizantes.
- c) Do delito de contrabando.
- d) **Do delito de quebrantamento de condena.**

21 – A audiencia provincial condenou a Carmelo á pena de nove meses de prisión. O tribunal decidiu suspender a execución da pena privativa de liberdade, condicionado á realización de traballos en beneficio da comunidade. Neste suposto, que duración máxima poderá ter esta prestación de traballos?

- a) **Seis meses.**
- b) Nove meses.
- c) Doce meses.
- d) Catro meses e quince días.

22 – Montserrat, maxistrada dun xulgado de primeira instancia, está a coñecer dunha demanda de divorcio. Celebrada a vista oral neste preito civil, a maxistrada ten coñecemento de que o demandante e a demandada se atopan incurso nun procedemento penal por un delito de maltrato no ámbito da violencia de xénero do artigo 153.1 do Código penal, tramitado no xulgado de violencia sobre a muller. Que debe facer Montserrat neste caso?

- a) Verificar a concorrencia dos requisitos previstos no parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, e inhibirse de forma inmediata, remitindo os autos no estado en que se achen ao/á xuíz/a de violencia sobre a muller.
- b) Verificar que concorren os requisitos do parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, e citar inmediatamente as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos.
- c) Poner os feitos en coñecemento do xulgado de violencia sobre a muller e esperar ata ser requirida de inhibición polo dito órgano.
- d) **Continuar coñecendo do asunto, ao iniciarse xa a fase do xuízo oral.**

23 – Sebastián foi condenado a tres anos de prisión por un delito de roubo con forza que cometeu por mor da súa dependencia ás substancias estupefacientes. Actualmente atópase sometido a un tratamento de deshabitación, polo que o seu avogado solicita ao xuíz que acorde a suspensión da execución da pena privativa de liberdade. É posible esta suspensión?

- a) Non, debido a que é necesario que o condenado se atope deshabitado no momento de solicitar a suspensión.
- b) Si, sendo o prazo de suspensión de dous a cinco anos.
- c) **Si, sendo o prazo de suspensión de tres a cinco anos.**
- d) Non, en ningún caso, ao tratarse de penas de prisión que exceden de dous anos.

24 – Emilia foi condenada en sentenza firme á pena dun ano e tres meses de prisión por un delito de lesións e á pena dun ano e nove meses de prisión por un delito de roubo con violencia. Pode o/a xuíz/a acordar a suspensión da execución destas penas privativas de liberdade?

- a) Non, unicamente no caso de que Emilia estivese afectada dunha enfermidade moi grave con padecementos incurables.
- b) Non, en ningún caso, posto que a suma das penas impostas excede de dous anos.
- c) Si, excepcionalmente, cando en atención ás súas circunstancias persoais, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado, así o aconsellen.
- d) Si, pero unicamente no suposto de que Emilia delinquire por primeira vez.

25 – Miriam, avogada designada pola quenda de oficio para a defensa de Mikel nun complexo preito penal, enfermou de forma repentina o día da vista oral e resúltalle imposible acudir a xuízo. Debe suspenderse necesariamente a vista?

- a) Si, polo só feito de tratarse dun profesional da avogacía designado pola quenda de oficio.
- b) Non, en ningún caso. Miriam deberá avisar a algún compañeiro ou compañeira que poida asumir o asunto e celebrar o xuízo.
- c) Non, só se suspenderá o procedemento polo tempo que demore o colexio profesional correspondente en prover a designación de novo profesional para evitar causar indefensión á parte, aínda que, nun caso repentino, poderá suspenderse polo tempo mínimo imprescindible para que outro avogado ou avogada poida facerse cargo do asunto e preparalo.
- d) Si, sempre. A Lei de axuizamento criminal non prevé ningunha distinción entre os profesionais da avogacía libremente designados e os da quenda de oficio.

Preguntas de reserva

1 – A Policía Nacional acudiu ao domicilio de María Ángeles cun auto ditado polo Xulgado de Instrución nº 1 de Benidorm no que de maneira expresa, limitada e motivada se autoriza a entrada e rexistro nese domicilio. Durante o transcurso da práctica da dita diligencia, os axentes incautaron un computador portátil, propiedade de María Ángeles, que podería conter información relevante para o esclarecemento do feitos obxecto de investigación. Están os axentes lexitimados para acceder á información contida nese dispositivo?

- a) Non, porque o auto non estende o seu razoamento á xustificación das razóns que lexitiman o acceso dos axentes á información contida nese dispositivo, sen prexuízo de que o acceso poida ser autorizado posteriormente polo xuíz competente.
- b) Si, porque os mesmos fundamentos que serven para xustificar a entrada e rexistro serven así mesmo para xustificar o acceso á información contida nese dispositivo, aínda que non se previse inicialmente a súa aprehensión.
- c) Si, porque a autorización debe considerarse tacitamente extensible ao acceso á información contida en todos os dispositivos que sexan incautados con ocasión da práctica da entrada e rexistro.
- d) Si, porque a información contida nese dispositivo resulta relevante para o esclarecemento do feitos obxecto de investigación.

2 – Cal das seguintes penas non pode impoñerse a unha persoa xurídica?

- a) Disolución da persoa xurídica.
- b) Intervención xudicial para salvagardar os dereitos dos acredores polo tempo que se estime necesario, que non poderá exceder de cinco anos.
- c) Prohibición definitiva de realizar no futuro as actividades en cuxo exercicio se cometeu, favoreceu ou encubriu o delito.
- d) A inhabilitación absoluta.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO

1 – Sinala cal das seguintes circunstancias dará lugar, necesariamente, ao rexeitamento do incidente de extensión de efectos:

- a) Que a solicitude de extensión se presente no prazo de sete meses desde a última notificación da sentenza a quen foi parte no proceso.
- b) Que a solicitude se dirixa directamente ao órgano xurisdiccional competente que ditase a resolución da que se pretende que se estendan os efectos.
- c) Que a doutrina determinante da resolución cuxa extensión se pretende for conforme á xurisprudencia de Tribunal Supremo.
- d) Que para o solicitante da extensión se tivese ditado resolución que, causando estado en vía administrativa, for consentida e firme.

2 – As sancións administrativas poderán implicar privación de liberdade:

- a) En todo caso.
- b) En ningún caso.
- c) Unicamente cando teñan natureza pecuniaria.
- d) Unicamente de maneira subsidiaria cando a infracción cometida for especialmente grave.

3 – A contía da indemnización nun procedemento de responsabilidade patrimonial debe calcularse:

- a) Con referencia ao día en que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada.
- b) Con referencia á data en que se produciu o dano, sen aplicar actualización ningunha.
- c) Con referencia ao día en que se dite a resolución recoñecendo o dereito á indemnización.
- d) Con referencia ao día en que se presente a reclamación.

4 – Carla inicia un procedemento en materia de responsabilidade patrimonial. Logo de rexeitada a reclamación por silencio administrativo, consulta coa súa avogada Carmen os efectos da resolución que posteriormente será ditada pola Administración para resolver expresamente. Indique a resposta correcta.

- a) A resolución expresa unicamente poderá ser confirmatoria do rexeitamento por silencio.
- b) A resolución expresa adoptárase sen vinculación ningunha ao contido do silencio.
- c) A Administración non poderá ditar resolución expresa unha vez producidos os efectos do silencio.
- d) A resolución expresa debe ser necesariamente acolledora.

5 – No seo dun proceso contencioso-administrativo, Carlos, avogado en exercicio, solicita que se adopte medida cautelarísima consistente na suspensión do acto impugnado, alegando circunstancias de especial urxencia que esixen a suspensión sen previa audiencia á parte demandada. Mediante auto o xuíz aprecia as circunstancias de especial urxencia e acorda a suspensión por entender que a execución do acto pode facer perder a finalidade lexítima ao recurso, dando audiencia á parte demandada. Que recurso poderá interpoñer a parte demandada contra tal auto?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de apelación.
- c) Recurso de casación.
- d) **Non cabe recurso ningún.**

6 – As disposicións sancionadoras no ámbito administrativo producirán efecto retroactivo:

- a) En ningún caso, sempre se aplicará a disposición sancionadora vixente no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa.
- b) En todo caso.
- c) **Unicamente en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescripción.**
- d) Unicamente en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor e exclusivamente no relativo aos prazos de prescripción.

7 – Que órgano é competente para coñecer das cuestións de competencia que se susciten entre dous xulgados do contencioso-administrativo, ambos con sede na Comunidade Autónoma de Madrid?

- a) **A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.**
- b) Un xulgado do contencioso-administrativo con sede na mesma comunidade autónoma, distinto a aqueles entre os que se suscita a cuestión de competencia.
- c) A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.
- d) Os xulgados centrais do contencioso-administrativo.

8 – A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativas, para os efectos da responsabilidade patrimonial:

- a) Supón automaticamente o recoñecemento do dereito a indemnización.
- b) **Non presupón, por si mesma, dereito a indemnización.**
- c) Presupón por si mesma dereito a indemnización unicamente cando a anulación se produza en vía administrativa.
- d) Presupón dereito a indemnización que deberá ser cuantificado atendendo ás circunstancias concorrentes.

9 – Contra a sentenza do xulgado do contencioso-administrativo que rexeita o recurso contencioso-administrativo interposto e tramitado mediante procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa:

- a) Non caberá recurso ningún.
- b) **Procederá sempre recurso de apelación.**
- c) Só procederá recurso de apelación se a contía do procedemento excede de 30.000 €.
- d) Procederá directamente recurso de casación.

10 – Sinala cal dos seguintes datos é necesario que conste nun escrito de interposición de recurso administrativo:

- a) **A identificación persoal do recorrente.**
- b) A identificación do órgano xudicial competente.
- c) A referencia do expediente.
- d) O número de colexiación do profesional da avogacía que interveña.

11 – No ámbito da expropiación forzosa, pode ocuparse nalgún caso o ben expropiado antes de proceder ao pago do prezo xusto?

- a) Si, cando a Administración expropiante declare que se trata dun suposto de forza maior ou de extrema necesidade.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Si, cando así se pactou entre expropiante e expropiado.
- d) Si, cando se trate dun suposto de expropiación urxente, efectuado o depósito e aboada ou consignada, de ser o caso, a indemnización previa por prexuízos.

12 – No ámbito da expropiación forzosa as taxacións dos bens e dereitos expropiables efectuaranse consonte o valor que teñan estes:

- a) No momento de iniciarse o expediente de expropiación.
- b) No momento de redactarse a acta de ocupación.
- c) No momento da constitución do Xurado Provincial de Expropiación.
